




**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 10/12/2018 13:08:02

SAIDA

**15641/18**



Reclamante: [REDACTED], en representación de [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 00108/2018

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo**

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], en representación de [REDACTED] mediante escrito do 11 de setembro de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

Primeiro. [REDACTED], en representación de [REDACTED] presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 11 de setembro de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo, por entender desestimada por silencio administrativo unha solicitude dirixida ao concello de Teo, de acceso á información ou publicación na web dos plans e programas anuais e plurianuais nos que se fixen obxectivos concretos, así como as actividades, medios e tempo previsto para a súa consecución, os contratos, con indicación do obxecto, duración, o importe de licitación e de adxudicación, o procedemento utilizado para a súa celebración, os instrumentos a través dos que, no seu caso, publicitouse, o número de licitadores participantes no procedemento e a identidade do adxudicatario, así como as modificacións dos contratos, información relativa aos contratos menores, datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público, convenios subscritos, con mención das partes asinantes, o seu obxecto, prazo de duración, modificacións realizadas, obrigados á realización das prestacións

e, no seu caso, as obrigacións económicas convidas, encomendas de xestión que se asinen, con indicación do seu obxecto, orzamento, duración, obligacións económicas e as subcontratacións que se realicen con mención dos adxudicatarios, procedemento seguido para a adxudicación e importe da mesma, orzamentos, con descripción das principais partidas orzamentarias e información actualizada e comprensible sobre o seu estado de execución e sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira das Administracións Públicas, información estatística necesaria para valorar o grao de cumprimento e calidade dos servizos públicos que sexan da súa competencia.

O escrito viña acompañado de copia de escritura de poder da empresa [REDACTED] [REDACTED] a solicitude de acceso á información presentada ante o Concello de Teo.

**Segundo.** Con data do 12 de setembro de 2018 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Teo para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 20 de setembro de 2018.

**Terceiro.** Con data do 8 de outubro de 2018, tivo entrada no Rexistrio do Valedor do Pobo, informe do Alcalde do Concello de Teo no que manifesta que o solicitado pola demandante na súa queixa é o cumprimento da obriga de publicidade activa que de acordo coa normativa aplicable se debe realizar, polo que a demanda non se refire a un expediente concreto nin determinou unha contestación específica á demandante (non solicitaba persoalmente información específica), e que a partir da súa queixa dérонse os pasos necesarios para subsanar, ou minimizar, as deficiencias na publicidade activa que de seguido se especifican e que se refiren á solapa "Transparencia" da web municipal [www.teo.gal](http://www.teo.gal), que detalla.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### **Primeiro. Competencia e normativa**

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei 1/2016, do 18 de xaneiro establece que a competencia para resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente.

## **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

## **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións se pode falar do inicio dun proceso no que os poderes

públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente exixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

De acordo co anterior, e dado que no presente caso a Administración non resolveu expresamente, debe admitirse a reclamación presentada por estar en prazo.

#### **Quinto. Análise do expediente**

O recurso substitutivo presentado ante a Comisión da Transparencia pola empresa interesada deriva da falta de resposta por parte do Concello de Teo, ben de remitirlle a información que de acordo coa normativa vixente en materia de transparencia debe estar publicada na web do Concello, ou ben de que a dita información sexa publicada, tal e como establece o artigo 22.3 da Lei 19/2013, indicándolle á solicitante as direccións web concretas (links) nos que pode atopar todos e cada un das materias obxecto da solicitude de información.

O concello manifesta no seu informe que, por ser o solicitado pola demandante o contido das obrigas de publicidade activa do concello, non requiría unha contestación específica, e que se



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña



[www.comisiondatransparencia.gal](http://www.comisiondatransparencia.gal)

deron os pasos necesarios para subsanar ou minimizar as deficiencias de publicidade activa na web de transparencia municipal.

Non pode aceptarse, como manifesta o informe remitido polo Concello, que a solicitude non requirise unha contestación expresa: ante unha solicitude de acceso a unha información que o concello tiña a obriga de ter publicada no seu portal de transparencia, debería ter respondido no prazo que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016, ben remitíndolle a información ou ben indicándolle a dirección web específica na que pode acceder a todos e cada un dos bloques de información solicitados.

Sen embargo, a actuación posterior realizada polo Concello debe considerarse a correcta, dado que, segundo manifesta, a partir da presentación da solicitude, déronse os pasos para subsanar ou minimizar as deficiencias de publicidade activa na web do Concello.

De acordo co anterior, e dado que a información non se proporcionou no prazo establecido pola Lei remitíndoa á empresa interesada, ou indicándolle a concreta dirección da web onde poida consultar todos e cada un dos bloques de información solicitada, procede a estimación da reclamación presentada pola Sra. Abalde.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

#### **ACORDA**

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] en representación de [REDACTED] contra a denegación pos silencio administrativo, de información referente a información que debe figurar no portal de transparencia do Concello de Teo.

**Segundo:** Instar ao Concello de Teo a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar ao Concello de Teo a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, únicamente cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, de conformidade co previsto no artigo



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero  
Milagros Otero Parga